



## Concello de Mazaricos

**Asunto:** Nomeamento do persoal seleccionado no proceso selectivo APROL-RURAL 2024

**Expediente:** 2024/E001/000004

### **DECRETO DE ALCALDÍA**

Mediante Decreto con data de 30 de abril de 2024, esta Alcaldía convocou un procedemento público para proceder a selección de UNHA persoa na categoría de peón de mantemento de vías para a realización de traballos de mantemento e conservación de vías e camiños de titularidade municipal.

Mediante Decreto con data 21 de maio esta Alcaldía publicou o listado definitivo de persoas admitidas/excluídas para formar parte deste proceso selectivo convocando aos membros do tribunal encargado da súa valoración para o día 23 de maio de 2024.

Vista que o tribunal cualificador formulou, con data 23 de maio de 2024, unha proposta coa persoa candidata que acadou a maior puntuación para o seu nomeamento.

Visto o informe da Intervención municipal de data 27/05/2024.

Visto que o candidato proposto achegou en tempo e forma a documentación a que se refire a Base 10ª da convocatoria.

#### **Pola presente, RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear a **D. JESÚS MANUEL VILAS TRILLO** con DNI \*\*\*1860\*\* como PEÓN FORESTAL en réxime laboral temporal.

**Segundo.-** Formalizar a contratación **D. JESÚS MANUEL VILAS TRILLO** con DNI \*\*\*1860\*\* como PEÓN FORESTAL en réxime laboral temporal a través do contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego, nos termos recollidos no mesmo e con suxeición ao recollido na convocatoria do proceso selectivo e na *ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G)*.

As retribucións a percibir polo traballador serán as correspondentes ao posto de Albanel (código RPT 03.02.03)

**Terceiro.-** Establecer como data de inicio do contrato e alta na Seguridade Social o día 01 de xuño de 2024.

En Mazaricos, a data da sinatura dixital.

O alcalde

A secretaria